



**IMPORTANTE:** NESTE DOCUMENTO NON SE PRESENTA O CONTIDO DE TODAS AS MATERIAS, SENÓN UN BREVE RESUMO DALGUNHAS DELAS, MENOS COÑECIDAS POLO ALUMNADO.

## OPTATIVAS

### Educación dixital

A materia de Educación Dixital trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios no ámbito dixital. Deste xeito, estrutúrase en catro bloques: «Dispositivos dixitais e sistemas operativos», «Creación e edición de información e contidos dixitais», «Pensamento computacional» e «Ética e seguridade dixital», os cales tratan aspectos moi relacionados entre si, que son necesarios para que o alumnado poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal.

### Oratoria (é a mesma en 3º e 4º)

A oratoria é a arte de falar en público. Na materia obsérvase o peso da clásica división da oratoria en cinco partes: «*inventio*» (procura dos materiais necesarios para a conformación do discurso), «*dispositio*» (elección e estruturación deses materiais), «*elocutio*» (textualización do discurso), «memoria» (memorización) e «*actio*» (posta en escena do discurso).

Bloques de contido: o discurso persuasivo: a arte de falar e convencer; a selección de información: *inventio*; a preparación do discurso: *dispositio*, *elocutio* e *memoria*; a presentación do discurso: *actio*.

### Cultura clásica (é a mesma en 3º e 4º)

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico das civilizacións grega e romana. Os bloques de contido organízanse en relación a: xeografía e historia, mitoloxía, arte, sociedade e vida cotiá, e lingua e literatura.

### Cultura financeira (3º ESO)

O contido desta materia vai dirixido a que o alumnado adquira coñecementos financeiros e patróns de consumo sostible. O contido da materia abarcará catro bloques temáticos: diñeiro e transaccións, planificación e orzamento, a xestión bancaria das finanzas persoais e educación ao consumidor.

### 2ª Lingua estranxeira (francés)

É unha continuación da formación recibida en 1º e 2º de ESO en Lingua francesa.

## OUTRA

### Proxecto competencial

É unha materia que figura como alternativa á Relixión.

A materia configúrase como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, que se organízase en tres bloques de contido:

Primeiro: plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

Segundo: resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

Terceiro: presentación do proxecto competencial.

Podemos obter máis información sobre o que se estuda en cada unha das materias da ESO (Lei 3/2020, 29 de decembro) en:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_es.html)